



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

### BORRADOR ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
2020/G010/000001	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extrordinaria
<b>Data</b>	17 de decembro de 2019
<b>Duración</b>	Dende as 14:10 horas ata as 15:30 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de Frades
<b>Presidida por</b>	ROBERTO REY MARTÍNEZ
<b>Secretaria</b>	CARMEN GÓMEZ OTERO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
79314640Z	ROBERTO REY MARTÍNEZ	SÍ
76363609K	MARÍA DE LOS ÁNGELES ÁLVAREZ CARRO	SÍ
46910475C	JESÚS MIGUEL PRADO CEA	SÍ
34893023E	MANUEL FERREIRO MARZOA	SÍ
76329065T	JESÚS FRANCO SÁNCHEZ	SÍ
44842883J	ÓSCAR BOTANA RÚA	SÍ
76368290X	JOSE CARLOS PORTOS BRA	SÍ
45955540E	ENRIQUE ASTRAY OTERO	SÍ
76363600N	JOSÉ LUIS PEREIRA BAO	SÍ
79310360N	AURELIO GAREA PORTOS	NON
35314415P	MANUEL MÍGUEZ VILLAVERDE	SÍ

Unha vez verificada pola **Secretaria** a válida constitución do órgano, o Sr. Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

### ORDE DO DÍA.

#### 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Coñecida polos/as asistentes, a través de borradores repartidos coa convocatoria, a seguinte acta.

1.- Acta da sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 8 de novembro de 2019.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma.

O Sr. concelleiro do BNG, Don Manuel Míguez Villaverde quere aclarar a pregunta formulada na acta anterior relacionada coa senda de Aiazo. Quere incluír a pregunta que fixo sobre esta senda e a resposta do Alcalde aclarando que hai 4 solicitudes para catro sendas: Tanatorio, Galegos, Aiazo e Moar.

O Sr. Alcalde sinala que hai que retomalas e facer un novo proxecto.

O Pleno, tendo en conta as anteriores observacións, por unanimidade **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 8 de novembro de 2019.

#### 2.- PARTICIPAR NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS + 2020.-

O Sr. Alcalde procede a explicar o funcionamento do POS, e informa aos concelleiros/as que tanto o ano pasado como este ano, propón non optar polo préstamo provincial para non incumprir co cumprimento da estabilidade e da regra do gasto.

A continuación explica cada un dos proxectos, a súa ubicación, memoria de actuacións e orzamento e procede a entregar unha copia a cada concelleiro/a.

Unha vez delimitados os Proxectos procede a dar lectura á proposta da Alcaldía na que se propón a aprobación dos seguintes puntos co teor literal seguinte:

#### **APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2020"**

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2020", "achega provincial 2019" e "préstamo provincial 2020":

**A) Financiamento do pago a provedores:**



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
<b>Subtotal pago a provedores</b>			

### B ) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	176.817,47
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	
<b>Subtotal gasto corrente</b>	

### C ) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2020</b>			

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Accesos á Igrexa de Ledoira e a San Martiño	42.791,44	0	42.791,44
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2019</b>	42.791,44	0	42.791,44

<b>PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Préstamo Deputación</b>	<b>Achega Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2020</b>			

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

### D) Redución de débeda con entidades financeiras:

<b>Entidade financeira</b>	<b>Número/código do préstamo</b>	<b>PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda</b>
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		

### E) Resumo:



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Total	
<b>A- PAGO A PROVEDORES</b>	<b>Achega 2019</b>			
	<b>Achega 2020</b>			
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2020</b>	<b>176.817,47</b>		<b>176.817,47</b>
	<b>Achega 2019 (Excep. Base 2.2)</b>			
<b>C- INVERSIONES</b>	<b>Achega 2020</b>			
	<b>Achega 2019</b>	<b>42.791,44</b>		<b>42.791,44</b>
	<b>Préstamo 2020</b>			
<b>D- REDUCCIÓN DÉBIDA</b>	<b>Préstamo 2020</b>			
	<b>Achega 2020</b>			
<b>TOTAL</b>				
	<b>Achega 2019</b>			
	<b>Préstamo 2020</b>			
<b>TOTAL</b>	<b>219.608,91</b>			<b>219.608,91</b>

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Camiño de AC-524 (Abellá) a Vilar de Arriba (Fraides), e outros	203.216,52



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

<b>TOTAIS</b>	203.216,52

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos (consta no expediente Informe da arquitecta en funcións), e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias (solicitáronse as autorizacións necesarias segundo Informe técnico tal e como establece a Base nº 2.3).

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

A continuación o Sr. Alcalde- Presidente concédelle a palabra ao concelleiro do grupo municipal do PSOE, Don Enrique Astray Otero, que proceder a formular as súas propostas do POS (Igrexa Papucín; Pistas Abellá e Acceso á do Seixo).

**Tralas deliberacións oportunas, o Alcalde- Presidente somete a Proposta da Alcaldía a votación, nos seus mesmos termos, resultando a aprobación do contido literal da proposta por maioría absoluta do Pleno da Corporación, con 7 votos a favor dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, e con 3 abstencións: dous abstencións dos concelleiros do grupo municipal do PSOE, e unha abstención do concelleiro do grupo mixto\_BNG.**

**3.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES E DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS DO CONCELLO DE FRADES.-**



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

O Sr. Alcalde- Presidente, procede a propoñer aos concelleiros/as que se traten conxuntamente os puntos nº 3 e 4 da Orde do día por tratarse ambos de modificacións de Ordenanzas Fiscais. Tódolos concelleiros acceden á proposta.

A continuación, o Sr. Alcalde- Presidente procede á lectura das propostas da Alcaldía co teor literal seguinte:

### **1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES DO CONCELLO DE FRADES**

Logo de ver que no Pleno ordinario celebrado o día 11 de decembro de 2017 acordouse a APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN DAS SEGUINTEs ORDENANZAS AO ABEIRO DO PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA FOMENTAR A IMPLANTACIÓN E FIXACIÓN DE EMPRESAS EN GALICIA MEDIANTE A CREACIÓN DA INICIATIVA "CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA":

- 1) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS
- 2) ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES
- 3) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓNs, INSTALACIÓNs E OBRAS

Todo elo ao abeiro do Protocolo de actuación asinado o día 10 de outubro de 2017 para a fixación e implantación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos doing business Galicia", entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP.

Logo de ver que é necesario proceder a una nova adaptación das ordenanzas para dar cumprimento ao mesmo, esta Alcaldía-Presidencia en base ao anteriormente exposto, PROPÓN ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.** Aprobar a modificación da Ordenanza fiscal do Imposto de Bens Inmobles do Concello de Frades, coa redacción que a continuación se recolle:

### **ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES**

#### **ARTIGO 1º- FEITO IMPOÑIBLE.**

O feito imponible do IBI está constituído pola titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles:

- Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos a que estean afectos.
- Dun dereito real de superficie
- Dun dereito real de usufruto



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

### ● Do dereito de propiedade

A realización do feito impoñible que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orde establecida no mesmo, determinará a non suxeición do inmovible urbano ou rústico ás restantes modalidades no mesmo previstas. Nos inmovibles de características especiais aplicarase esta mesma prelación, salvo cando os dereitos de concesión que poidan recaer sobre o inmovible non esgoten a súa extensión superficial, suposto no que tamén se realizará o feito impoñible polo dereito de propiedade sobre a parte do inmovible non afectada por unha concesión.

Teñen a consideración de bens inmovibles de características especiais, os definidos como tales nas normas que regula o Catastro Inmobiliario (TRLCI), comprendidas nos seguintes grupos:

- Os destinados á produción de enerxía eléctrica e gas e ao refino de petróleo e as centrais nucleares.
- As presas, saltos de auga e embalses, incluído o seu leito ou vaso, excepto as destinadas exclusivamente ó rego.
- As autoestradas, estradas e túneles de peaxe
- Os aeroportos e portos comerciais.

Teranse en conta as especificacións contidas no artigo 23 do Real decreto 417/2006, do 7 de abril.

### **ARTIGO 2º- SUXEITOS PASIVOS.**

Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, constitúa o feito impoñible deste imposto.

No caso de bens inmovibles de características especiais, cando a condición de contribuínte recaía en un ou varios concesionarios, cada un deles o será pola súa cota, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie concedida e á construción ou parte do inmovible directamente vinculadas a cada concesión.

Para esta mesma clase de inmovibles, cando o propietario teña a condición de contribuínte en razón á superficie non afectada polas concesións, actuará como substituto do mesmo o ente ou organismo público ao que se refire o parágrafo segundo do núm. 1 do artigo 63 do TRLRFL, na súa redacción dada pola Lei 16/2007, o cal non poderá repercutir no contribuínte o importe da débeda tributaria satisfeita.

O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.

As administracións públicas e os entes ou organismos considerados como suxeitos pasivos, repercutirán a parte da cota líquida do imposto que corresponda, en quen, non reunindo a condición de suxeitos pasivos, fagan uso mediante contra prestación dos seus





## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

bens demaniais ou patrimoniais, os cales estarán obrigados a soportar a repercusión, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie utilizada e á construción directamente vinculada a cada arrendatario ou cesionario do dereito de uso.

### **ARTIGO 3º-RESPONSABLES.**

Responden solidariamente das obrigacións tributarias todas as persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren en cometela.

Os co participantes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire a Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas entidades.

No suposto de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitiranse aos socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lle adxudicara.

A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

### **ARTIGO 4º -EXENCIÓNS E AFECCIÓNS REAIS.**

a) Exencións directas de aplicación de oficio: as comprendidas no artigo 62.1 do TRLRFL.

b) Exencións directas de carácter rogado: as comprendidas no artigo 62.2 do TRLRFL.

c) Exencións potestativas:

c.1.- Os bens inmobles de natureza urbana cuxa cota líquida sexa inferior a 1 €.

c.2.- Os bens de natureza rústica, no caso de que para cada suxeito pasivo a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos, posuídos no termo municipal sexa inferior a 5 €.

c.3.- Os bens dos que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros. A concesión de exencións terá efecto a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non pode ter carácter retroactivo.

A afección real na transmisión e responsabilidade solidaria e subsidiaria rexerese polo disposto no artigo 64 do TRLRFL.

### **ARTIGO 5º -BASE IMPOÑIBLE.**

A base imponible está constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ás normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

A base imponible dos bens inmobles de características especiais non terá redución de forma xeral, salvo o disposto no artigo 67.2 do TRLRFL, na redacción dada pola Lei 16/2007.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Estes valores poderán ser obxecto de revisión, modificación ou actualización nos casos e do xeito que a Lei prevea.

### **ARTIGO 6º-REDUCCIÓNS.**

A redución da base imponible será aplicable a aqueles bens inmobles urbanos e rústicos que se atopen nalguna destas dúas situacións:

Inmobles cuxo valor catastral se incremente como consecuencia de procesos de valoración colectiva, de carácter xeral, en virtude da aplicación do novo relatorio total de valores aprobado con posterioridade ó 1-1-1997, ou aplicación de sucesivos relatos de valores que se aproben unha vez transcorrido o período de redución establecido no artigo 67 e seguintes do TRLRFL.

Cando se aprobe un relatorio de valores que dera lugar á aplicación de redución prevista, como consecuencia de aplicación prevista anteriormente e de cuxo valor catastral se altere antes de finalizar o prazo de redución por:

- Procedemento de valoración colectiva de carácter xeral.
- Procedemento de valoración colectiva de carácter parcial.
- Procedemento simplificado de valoración colectiva.
- Procedemento de inscrición mediante declaracións, comunicacións, solicitudes e subsanación de discrepancia e inspección catastral.

A redución será aplicable de oficio coas normas contidas nos artigos 67 a 70 do TRLRFL.

Estas reducións en ningún caso serán aplicables aos bens inmobles de características especiais, salvo as establecidas anteriormente e contidas en dito texto legal.

### **ARTIGO 7º-BASE LIQUIDABLE.**

A base liquidable será o resultado de practicar, no seu caso, na imponible as reducións que legalmente se establezan.

A base liquidable, nos bens inmobles de características especiais, coincidirá coa base imponible, salvo as específicas aplicacións que prevexa a lexislación.

A base liquidable notificarase conxuntamente coa base imponible nos procedementos de valoración colectiva. Dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base do inmovible así como o importe da redución, no seu caso, e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do valor catastral.

O valor base será a base liquidable conforme ás normas do TRLCI.

A competencia nos distintos procedementos de valoración será a establecida no TRLCI.

### **ARTIGO 8º-TIPO DE GRAVAMEN.**



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

O tipo de gravame será:

- Para os bens inmobles de natureza rústica: 0,3 por cento.
- Para os bens inmobles de natureza urbana: 0,45 por cento.
- Para todos os grupos de bens inmobles de características especiais: 1 por cento.

### ARTIGO 9º-BONIFICACIONES.

#### PRIMEIRO.-

1. Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que se desenrolen, total e exclusivamente, actividades agrarias, gandeiras pertencentes ao sector primario e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

A bonificación terá carácter rogado e sortirá efectos a partir do período impositivo seguinte ó da presentación da solicitude, sen carácter retroactivo.

Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán presentar no Concello **ata o 5 de decembro de cada ano** a seguinte documentación:

#### 2. Documentación a presentar:

- Solicitude da bonificación dirixida ao Alcalde- Presidente da Entidade.
- Certificado de Facenda no que conste a situación censal do solicitante, ou autorización asinada polo interesado para obter os datos dende o Concello.
- Acreditación da titularidade catastral do inmovible, que concrétase na presentación dos seguintes extremos:

1.- Acreditación da referencia catastral do inmovible onde se exerce a actividade.

2.- Acreditación do título habilitante para a realización da actividade gandeira ou agraria no dito inmovible. Entenderase como título habilitante calquera título (propiedade, aluguer, cesión...) mediante o cal poda acreditarse que o interesado está autorizado para exercitar a actividade gandeira ou agraria nese inmovible concreto.

Achégase modelo no caso de cesión de inmovible.

**\*MODELO DE CESIÓN DE INMOBLE PARA ACTIVIDADE GANDEIRA OU AGRARIA**

Dunha parte D/Dª \_\_\_\_\_, en representación de \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_, actuando como propietario/a da finca coa referencia catastral nº \_\_\_\_\_, con nº polígono \_\_\_\_\_ nº parcela \_\_\_\_\_ do Concello de Frades.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Doutra parte Don/Dona....., con DNI....., titular da licenza ou recoñecemento da explotación correspondente nº.....

As partes, de mutuo acordo recoñécense a capacidade legal suficiente para o outorgamento do presente acordo de CESIÓN DE INMOBLE PARA ACTIVIDADE AGRARIA OU GANDEIRA, e a cuxos efectos,

ACORDAN:

A cesión do inmovible con referencia catastral nº..... propiedade de Don/Dona..... (CEDENTE) a Don /Dona..... (CESIONARIO) para realización de ACTIVIDADE AGRARIA OU GANDEIRA.

Frades.....

Certificado de non ter débedas coa Facenda Estatal, autonómica ou local; nin coa Seguridade Social, ou autorización asinada polo interesado para obter os datos dende o Concello.

Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza de actividade correspondente.

Deberase presentar o Libro de explotacións agrarias ou gandeiras actualizado a cada ano (sinalar que pódese acceder ao mesmo a través da oficina agraria virtual), xunto coa folla de saneamento no caso das explotacións gandeiras de vacún, ovino e caprino.

3. O Concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto de esta bonificación.

Porén, os obrigados tributarios deberán comunicar ao Concello calquera cambio das circunstancias e requisitos que no seu día serviron de base para a declaración dunha actividade agraria e gandeira de especial interese ou utilidade municipal, trasladándose polo tanto a carga desta obriga ao obrigado tributario.

4. Unha vez declarada a actividade agraria, gandeira pertencente ao sector primario, de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración polo Pleno da Corporación municipal previo informe técnico, a bonificación será aprobada pola Deputación Provincial de A Coruña nos termos da delegación.

### **SEGUNDO.- (SUPRIMIR)**

Establécese unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo
- Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles inmobles nos que teña lugar a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros nos que se amplíen as instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarse, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A bonificación do punto 2 manterase durante 3 exercicios orzamentarios dende a súa aprobación

DEBE DICIR:

### **SEGUNDO.-**

Establécese unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- O 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo
- O 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- O 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles inmobles nos que teña lugar a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros nos que se amplíen as instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarse, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A bonificación do punto 2 manterase durante 3 exercicios orzamentarios dende a súa aprobación

### **ARTIGO 10º.-RÉXIME DE DECLARACIÓN E INGRESO.**

Aos efectos previstos no artigo 76 do TRLRFL, os suxeitos pasivos están obrigados a formalizar as declaracións de alta no suposto de novas construcións, as declaracións de modificación de titularidade en caso de transmisión de ben, así como as restantes



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

declaracións por alteracións de orde físico, económico ou xurídico nos bens inmobles que teñan transcendencia a efectos deste imposto.

Contra os actos de xestión tributaria os interesados poderán formular recurso de reposición, previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a partir da notificación expresa ou da finalización do período de exposición pública dos padróns correspondentes. A interposición do recurso non paraliza a acción administrativa para o cobro, a menos que dentro do prazo previsto para interpoñer o recurso, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e acompañe a garantía total da débeda tributaria.

No caso de xestión delegada, as atribucións dos órganos municipais exerceranse pola Administración delegada.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas Leis de Orzamentos Xerais do Estado ou por calquera outra Lei ou disposición, e que resulte de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

### DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 17/12/2019, e entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

---

**SEGUNDO.** Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará ao dispor dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://>

**TERCEIRO.** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

**CUARTO.** Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

**QUINTO.-** Notificar o presente acordo á Deputación Provincial de A Coruña, aos efectos oportunos.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

### 2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS DO CONCELLO DE FRADES

Logo de ver que no Pleno ordinario celebrado o día 11 de decembro de 2017 acordouse a APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN DAS SEGUINTE ORDENANZAS AO ABEIRO DO PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA FOMENTAR A IMPLANTACIÓN E FIXACIÓN DE EMPRESAS EN GALICIA MEDIANTE A CREACIÓN DA INICIATIVA "CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA":

- 1) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS
- 2) ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES
- 3) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

Todo elo ao abeiro do Protocolo de actuación asinado o día 10 de outubro de 2017 para a fixación e implantación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos doing business Galicia", entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP.

Logo de ver que é necesario proceder a una nova adaptación das ordenanzas para dar cumprimento ao mesmo, esta Alcaldía-Presidencia en base ao anteriormente exposto, PROPÓN ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.** Aprobar a modificación da Ordenanza fiscal do Imposto de Construcción, Instalación e Obras do Concello de Frades, coa redacción que a continuación se recolle:

#### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

##### Artigo 1

1. De conformidade co previsto no artigo 101 no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, constitúe o feito imponible do imposto, a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obra urbanística, obtívose ou non dita licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este municipio.

2. As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartada anterior poderán consistir en:

- A) Obras de construción de edificacións e instalacións de todas clases, de nova planta.
- B) Obras de demolición
- C) Obras en edificios, tanto aquelas que modifiquen a súa disposición interior como o seu aspecto exterior.
- D) Aliñacións e rasantes
- E) Obras de fontanería e rede de sumidoiros
- F) Obras en cemiterios
- G) Calquera outras construcións, instalacións ou obras que requiran licenza de obra urbanística.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

### Artigo 2

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, propietarios dos inmobles sobre os que se realicen as construcións, instalacións ou obras sempre que sexan donos das obras; nos demais casos, considerarase contribuínte a quen ostente a condición de dono da obra.

2. Ten a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen solicite as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras, se non fosen os propios contribuíntes.

### Artigo 3

1. A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra.

2. A cota do imposto será resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

3. O tipo de gravame será o 2 por 100

4. O imposto devéñase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivo a correspondente licenza.

### Artigo 4

1. Cando se conceda a licenza perceptiva practicarase unha liquidación provisional, determinándose a base imponible en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que o mesmo fose visado polo Colexio Oficial correspondente; noutro caso, a base imponible será determinada polos técnicos municipais, de acordo co custo estimado do proxecto.

2. Á vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custo real efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a base imponible a que se refire o apartado anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

### Artigo 5

A inspección e recadación do imposto realizaranse de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

### Artigo 6

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.





## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

### Artigo 7

No non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, concordantes e complementarios da mesma, e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

### Artigo 8 (SUPRIMIR)

Establécese unha bonificación de ata o 95% para as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- Ata 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Cando menos o 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Cando menos o 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aquelas construcións, instalacións ou obras destinadas á implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aquelas outras que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarse, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

O emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de 3 anos dende o inicio da actividade polo suxeito pasivo. Tal circunstancia deberá ser acreditada por este ante os servizos tributarios do concello dentro dos 15 días seguintes ao remate de cada trimestre. O non cumprimento deste requisito dará lugar o inicio do correspondente expediente de reintegro.

Esta bonificación manterase durante 3 exercicios orzamentarios dende a súa aprobación

DEBE DICIR:

### Artigo 8

Establécese unha bonificación de ata o 95% para as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- O 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- O 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

- O 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aquelas construcións, instalacións ou obras destinadas á implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aquelas outras que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarse, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

O emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de 3 anos dende o inicio da actividade polo suxeito pasivo. Tal circunstancia deberá ser acreditada por este ante os servizos tributarios do concello dentro dos 15 días seguintes ao remate de cada trimestre. O non cumprimento deste requisito dará lugar o inicio do correspondente expediente de reintegro.

Esta bonificación manterase durante 3 exercicios orzamentarios dende a súa aprobación

### Disposición Adicional Única

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

### DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 17/12/2019, e entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

---

**SEGUNDO.** Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará ao dispor dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://>

**TERCEIRO.** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

**CUARTO.** Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

**QUINTO.-** Notificar o presente acordo á Deputación Provincial de A Coruña, aos efectos oportunos.

**Tralas deliberacións oportunas, o Sr. Alcalde- Presidente somete ambas Proposta da Alcaldía a votación, nos seus mesmos termos, resultando a aprobación do contido literal das propostas por unanimidade do Pleno da Corporación.**

### **5.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA CSUM 1.2019 "AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO". LOTES 1 E 2.-**

**O Sr. Alcalde- Presidente procede a dar lectura á proposta da Alcaldía na que se propón a aprobación dos seguintes puntos co teor literal seguinte:**

*"Visto que por Decreto de inicio de data 24/05/2019 acordouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación para levar a cabo o proxectos denominados "AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO NAS PARROQUIAS DE MESOS, ABELLÁ, FRADES E VITRE" e "AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO NAS PARROQUIAS DE PAPUCÍN, MOAR E GAFOI" con motivo da subvención concedida ao abeiro do Real Decreto 616/2017, de de 16 de Xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020, publicada no BOE nº 144 de 17 de xuño de 2017.*

*Visto que mediante Resolución da Alcaldía foi aprobado o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas para a adxudicación do contrato "AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO", por procedemento aberto con publicidade no perfil e procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 165.62700.*

*Visto que a fase de aprobación e autorización do gasto debería de ser con cargo a orzamentos futuros por determinar na cláusula 4ª do contrato a súa execución no exercicio 2020.*

*Visto que consta no expediente Informe de Secretaria do Concello sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente e sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.*

*Vista memoria de data de 20 de xuño de 2019 no que se xustifican as necesidades a satisfacer.*

*Visto que pola Interventora informouse sobre a tramitación anticipada de gastos do dito contrato, por tratarse dun contrato plurianual, segundo establece a cláusula 4ª dos PCAP incorporados ao expediente.*



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Vistos os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas que rexerán a adxudicación do contrato e súa incorporación ao expediente.

Visto que con data 8 de agosto de 2019 certificáronse as ofertas que constan no expediente, celebrándose a correspondente mesa de contratación

Visto que no Pleno ordinario celebrado o día 11 de setembro de 2019 adoptouse o seguinte ACORDO:

<<4.- RATIFICACIÓN DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN "AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO".-

Logo de ver o decreto nº 108.2019 co teor literal seguinte: <<DECRETO DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN EXPEDIENTE CONTRATO DE SUMINISTROS "AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO". CSUM 1.2019

Visto que por Decreto de inicio de data 24/05/2019 acordouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación para levar a cabo o proxectos denominados "AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO NAS PARROQUIAS DE MESOS, ABELLÁ, FRADES E VITRE" e "AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO NAS PARROQUIAS DE PAPUCÍN, MOAR E GAFOI".

Dada a característica do contrato considérase como procedemento máis axeitado o procedemento aberto.

Visto que con data 27/05/2019 foi emitido Informe pola Secretaria do Concello sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente e sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Vista a memoria de data de 20 de xuño de 2019 no que se xustifican as necesidades a satisfacer.

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido no artigo 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación denominado "AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO", mediante procedemento aberto, para a renovación das instalación de alumeado exterior no municipio de Frades.

SEGUNDO.- Autorizar, en 212.762,98 € de contía de euros, o gasto que para este Concello representa a contratación do subministro por procedemento aberto, con cargo á aplicación 165.62700



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

*TERCEIRO.- Aprobar o correspondente Prego de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas que rexerán a licitación.*

*CUARTO.- Publicar o prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas, así como o cadro de características no perfil do contratante do Concello.>>*

*Tras as deliberacións correspondentes, o Pleno por maioría absoluta, con sete votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e catro abstencións dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PSOE e BNG ACORDA por maioría absoluta ratificar o decreto da Alcaldía nos seus mesmos termos>>*

**Pola secretaria-interventora procédese a sinalar que o punto segundo refírese non a o exercicio corrente 2019, senón ao exercicio 2020 por tratarse dun contrato plurianual, e levarse a cabo a súa execución con cargo a orzamentos futuros, con cargo ao 2020. Polo que a fase de aprobación do gasto\_ FASE "A", deberá levarse a cabo con cargo a orzamentos futuros.**

O Alcalde- Presidente continúa coa lectura da proposta:

Visto que con data 29 de outubro de 2019 constituíuse a Mesa de contratación, órgano competente para a valoración das ofertas, deuse conta do informe técnico de valoración de ofertas e trala valoración dos criterios automáticos, propuxo a adxudicación dos dous lotes a favor da licitadora TECNORED S.A. por ser a oferta economicamente máis vantaxosa. "A mesa propón ao órgano de contratación como adxudicatario do LOTE 1 e LOTE 2 a TECNORED S.A. ao resultar a oferta economicamente máis vantaxosa."

Vistos os requirimentos ao licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para que presentase a documentación xustificativa establecida na cláusula 14 do Prego de Cláusulas administrativas particulares que rexen o contrato, así como xustificación da constitución da garantía definitiva. Visto que en tempo e forma o licitador TECNORED S.A. constituíu garantía definitiva por importe de 4.203,47 euros respecto ao Lote 1 e de 4.324,63 euros respecto ao Lote 2 e presentou os documentos xustificativos a través da plataforma de contratación.

En base a anteriormente exposto, e visto o artigo 117.2 da LCSP que regula a tramitación anticipada de gastos e dispón que «Os expedientes de contratación poderán ultimarse mesmo coa adxudicación e formalización do correspondente contrato, aínda cando a súa execución, xa se realice nunha ou en varias anualidades, deba iniciarse no exercicio seguinte. A estes efectos poderán comprometerse créditos coas limitacións que se determinen nas normas orzamentarias das distintas Administracións Públicas suxeitas a esta Lei», sendo de aplicación nestas circunstancias o artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais -que regula os compromisos de gastos plurianuais **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Adxudicar con cargo ao orzamento futuro de 2020 á empresa TECNORED S.A. (A15035413) os Lotes 1 e 2 do contrato de subministro denominado contrato "AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO", por



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Coruña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

procedemento aberto, aprobado por Resolución de Alcaldía de data 25 de xuño de 2019, por importe de 84.069,44 euros, correspondendo en concepto de IVE (21%) 17.654,58 euros, o que fai un total de 101.724,02 euros o Lote 1 e 86.492,61 euros, correspondendo en concepto de IVE (21%) 18.163,45 euros, o que fai un total de 104.656,06 euros el Lote 2.

**SEGUNDO.** Disponer con cargo ao orzamento futuro de 2020 do gasto por importe de 206.380,08 euros con cargo á partida 2020/ 165.62700 (CSUM 1.2019), do orzamento de gastos 2020.

**TERCEIRO.** Notificar, nos termos previstos no artigo 158 da Lei de Contratos do Sector Público, a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

**CUARTO.** Notificar a TECNORED S.A. (A15035413), adxudicatario dos dous lotes do contrato, o presente acordo e citarlle para a firma do contrato na sede municipal.

**QUINTO.** Publicar a formalización do contrato de no Perfil de contratante, [e publicar anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña no prazo de corenta e oito días a contar desde a data da presente Resolución].

**SEXTO.** Comunicar os datos básicos do contrato ao Perfil do Contratante.

**SÉTIMO.** Remitir ao [Tribunal de Contas/ou órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma] unha copia certificada do documento mediante o que se formalice o contrato, acompañada dun extracto do expediente do que se derive, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, dentro do tres meses seguintes á formalización do contrato.””

**Tras as deliberacións correspondentes, o Pleno por maioría absoluta, con sete votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e tres abstencións dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PSOE (2) e BNG (1) ACORDA aprobar o contido da proposta nos seus mesmos termos.**

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 15:30 h.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE ASINADO DIXITALMENTE UNHA VEZ  
APROBADA A ACTA EN SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE DATA 17 DE XANEIRO  
DE 2020**